



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

PRESENTACIÓN DO PLAN GALEGO DE CONVIVENCIA

O vindeiro martes, 30 de xaneiro, Día Escolar pola Paz, terá lugar o acto de presentación e sinatura do acordo interinstitucional para a posta en marcha do Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en

Galicia. Proximamente estará á súa disposición un espazo web específico de convivencia.



XORNADAS SOBRE O PLAN VALORA

O 2 e 3 de febreiro, no Palacio de Exposicións e Congresos de Santiago, celebraranse as xornadas sobre o Plan Valora, programa sobre educación en valores democráticos. Contarase coa presenza de don Alejandro Tiana, Secretario

General de Educación; don Pedro Uruñuela, subdirector general de alta inspección do MEC; don Jaume Carbonell, director de *Cuadernos de Pedagogía*; don Florencio Luengo, do Proxecto Atlántida; don Antonio Bolívar e don José Moya, da

Universidade de Las Palmas, e dona M^a José Pérez Ródenas, da Generalitat Valenciana. Programa e inscrición en: <http://www.edu.xunta.es/fprof>.

Máis información no web do [Plan Valora](#)

AXUDAS PARA PARTICIPAR EN ESTADÍAS EN EMPRESAS DE ÁMBITO TRANSNACIONAL

Orde do 12 de xaneiro de 2007 pola que se convocan axudas para alumnado e profesorado de formación profesional de centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que

participen en estadías en empresas de ámbito transnacional. (D.O.G. nº 16, do 23 de xaneiro de 2007). Ligazón directa ao

[Anexo IV](#) da orde.



AXUDAS PARA ESTADÍAS E INTERCAMBIOS LINGÜÍSTICOS

Orde do 12 de xaneiro de 2007 pola que se convocan axudas para alumnado e profesorado de centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para que participen en estadías e en intercambios con centros

educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.

(D.O.G. nº 16, do 23 de xaneiro de 2007).



Contido:

Presentación Plan Galego Convivencia Escolar	1
Xornadas sobre o Plan Valora	1
Axudas para participar en estadías en empresas	1
Axudas para estadías e intercambios lingüísticos	1
Certame Cooperativismo no Ensino	2
III Premio Rosalía de Castro	2
Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para Todos	2
Premios sobre Consumo Responsable e Calidade de Vida	2

CERTAME COOPERATIVISMO NO ENSINO

**Portal Galego de
Contidos Educativos**
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Resolución do 15 de decembro de 2006 pola que se fan públicas as bases do certame Cooperativismo no Ensino, dirixido aos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

([D.O.G. nº 17](#), do mércores 24 de xaneiro de 2007).



III PREMIO ROSALÍA DE CASTRO PARA EXPERIENCIAS PEDAGÓXICAS

A Fundación Rosalía de Castro convoca o III Premio Rosalía de Castro para Experiencias Pedagóxicas. Poderán concorrer ao premio as experiencias educativas desenvoltas en lingua galega nos niveis obrigatorios do ensino durante o

curso escolar 2006-2007 que xiren arredor de Rosalía de Castro e o do teatro.

[Bases do premio](#)



Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>



PlanValora

ANO EUROPEO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA TODOS

O *Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para Todos 2007* celébrase co obxectivo de impulsar o debate sobre a diversidade. Comezará en Berlín o 30 de xaneiro na primeira *Cumbre de Igualdade de Todos os Tempos*. O obxectivo é sen-

sibilizar á opinión pública sobre as vantaxes dunha sociedade xusta e cohesionada.

[Máis información.](#)



2007 — European Year of Equal Opportunities for All

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



O MONTE E O DESENVOLVIMENTO SOSTIBLE
Unha das prioridades do Plan de Galicia 2007

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	OPORTUNIDADES
DESENVOLVIMENTO	DESENVOLVIMENTO
CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN	MANEHA FORTALECIDA

Programa piloto 2007

CONCURSO DE PREMIOS SOBRE CONSUMO RESPONSABLE E CALIDADE DE VIDA CONSUMÓPOLIS 2

Convócase a fase autonómica de Premios sobre Consumo Responsable e Calidade de Vida *Consumópolis 2*. Consiste na realización dunha serie de actividades de carácter pedagóxico e lúdico que terán como re-

sultado final a elaboración dunha campaña publicitaria sobre o consumo responsable e a calidade de vida. Concederanse tres premios, de 1.000, 600 e 300 euros, para cada nivel de participación.

([D.O.G. nº 19](#), do 26 de xaneiro de 2007).